

## INCREMENTO DO 2,4% DOS GASTOS DE PERSOAL CON FINANCIAMENTO AFECTADO

### EXERCICIO ECONÓMICO 2020

En relación coa/s proposta/s de contratación/renovación/convocatorias públicas de contratación de persoal con cargo a actividades e proxectos de investigación (capítulo VI) **que afecten ao exercicio económico 2020**, establecece o seguinte procedemento:

Os Responsables de Asuntos Económicos deberán realizar, tanto para as contratacións xa formalizadas, como para as propostas de contratación/renovación/convocatorias públicas de contratación que no futuro realicen, unha autorización de crédito cautelar do 2,4% do custo do contrato, atendendo aos seguintes criterios

Tendo en conta que este incremento do 2,4% terá carácter provisional mentres non se habilite mediante unha norma estatal, é necesario diferenciar esta cantidade con carácter provisional co fin de poder realizar sen dificultade os axustes necesarios unha vez publicados os orzamentos. De tal modo que na descrición de autorización indicárase a cantidade provisional do incremento:

- Identificador: NOMINAS+FUNC+ECONOMICO
- Importe 2020: 61.200,00€
- Descrición: “Gastos de persoal + incremento provisional 2,4% (1.468,80 €)”

### CONTRATOS QUE TENDO SEU INICIO NO ANO 2019 OU ANTERIORES, CONTINUARÁN VIXENTES NO ANO 2020

Na partida orzamentaria que soporte o contrato laboral, deberá procederse a incrementar o importe autorizado (ano 2020), tal e como se indica no parágrafo anterior, nun 2,4% calculado sobre o custo laboral do contrato (soldo, seguridade social e indemnización por finalización do contrato).

### CONTRATOS CON INICIO NO ANO 2020

Para os contratos que se inicien con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2020, ademais dos criterios indicados no punto anterior, debe terse en conta:

i.-**Contratos a tempo completo** : A autorización de crédito cautelar aplicarase unicamente aos contratos, que en función da categoría, teñan establecida unha retribución bruta mensual **inferior** á indicada no cadro que figura mais abaixo.

ii.-**Contratos a tempo parcial**: Para determinar si é necesario realizar a autorización de crédito cautelar do 2,4% será necesario facer antes unha extrapolación da retribución bruta a tempo completo, en función ao número de horas contratadas e tendo en conta unha xornada a tempo completo de 35 horas.

**Exemplo: no caso dun investigador en formación a media xornada (17,5 horas) procederá a retención cautelar se a retribución bruta supera 638,96 €/mes.**

No caso de que proceda facer a autorización de crédito cautelar, farase sobre o custo laboral do contrato a tempo parcial

iii.-Os contratos a tempo completo con retribucións brutas mensuais **iguais ou superiores** ás indicadas no cadro que figura mais abaixo ou a parte proporcional que corresponda, para os contratos a tempo parcial, non será necesario aplicarlles a autorización de crédito cautelar do 2,4%.

RETRIBUCIÓN S MÍNIMAS 2020	
CATEGORÍA	RET. MINIMA MENSUAL
Investigador asociado	1.867,61 €
Investigador en formación	1.277,91 €
Técnico Superior de apoio á investigación	1.593,30 €
Axudante de apoio á investigación	1.225,62 €
Técnico Administrativo	1.593,30 €
Axudante administrativo	1.225,62 €

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019  
Servizo de Convocatorias e RRHH I+D